

HOMENAXE A TRAPERO PARDO

Este vello da aldea, tan plantado e señor,
que vén todos os anos a Lugo ó San Froilan,
evo-lo bon Pelúdez, xagaz e falador,
que a todo pon comento gracioso e pillabán.

Esta dona tremenda toda barriga e papo
co seu corpo de vaca próxima de parir
evo-la Filomena, e fàla nun castrapo
que non hai mais remedio ca escarallarse a rir.

Este mozo grolizo, tan fachendoso e crido,
e vos Peludeciño, seu fillo ben querido,
que fai moi boa facha coas mozas nos cafés, .:

é este vello académico que aínda anda gallardo
evo-lo meu señor Xosé Trapero Pardo
que escribe no "Progreso" a historia destes tres.

Agardando o San Froilán, na fín
do mundo, 1.984

Doutor Xosé Cabana